

EDIFICABILIDADE E USOS POR BLOQUES

| USO | BLOQUE | | | | EDIFICAB. | |
|-----------|--------|-------|-------|-------|-----------|--------|
| | NIVEL | A | B | C | D | TOTAL |
| COMERCIAL | 0 | | 861 | | 330 | |
| | +1 | | 1.434 | | | 2.625 |
| USO | +1 | 547 | 218 | 367 | 400 | |
| VIVENDA | +2 | 547 | 547 | 601 | 400 | |
| | +3 | 547 | 547 | 601 | 400 | |
| | +4 | 547 | 547 | 601 | 400 | |
| | +5 | 287 | 287 | — | — | |
| TOTAL: | | 2.475 | 2.146 | 2.170 | 1.600 | 8.391 |
| TOTAL: | | | | | | 11.016 |

Como pode observarse mantense a edificabilidade que lle da ó P.X.O.M. e respectase a intensidade do uso comercial (23,82%).

Poio, a 17 de marzo de 2005.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2005002805**

* * *

MONDARIZ*Corrección de erros*

Apreciada a existencia de erros no anuncio do concello de Mondariz publicado no B.O.P., nº 55, de 21 de marzo de 2005, en relación ó Regulamento de Honores e distincións do Concello de Mondariz, aprobado en sesión plenaria de data 26 de febreiro de 2005, en virtude do art. 105 da Lei 30/92, procédese a corrección dos seguintes erros:

De tal maneira que onde pon art. 17 por art. 18, art. 18 por art. 19, art. 19 por 20, art. 20 por 21, art. 21 por 22, art. 22 por 23, art. 24 por 24, art. 24 por 25, art. 25 por 26, art. 26 por 27, art. 27 por 28, art. 28 por 29.

Asimesmo, dentro do contido do art.28 "... o libro registrado estará dividido en cinco seccións" deberá por sete seccións.

En Mondariz, a 28 de marzo de 2005.—O Alcalde, ilexible. **2005002815**

* * *

A CAÑIZA**A N U N C I O**

O Pleno do Concello de A Cañiza en sesión celebrada o 1 de febreiro de 2005 aprobou provisionalmente o texto da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións destinadas ó fomento de actividades culturais e deportivas promovidas por personas físicas e xurídicas do Concello de A Cañiza.

O expediente foi sometido a información pública de conforinidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no BOP de Pontevedra do día 14 de Febreiro de 2005 durante 30 días hábiles para a presentación de alegacións e reclamacións. Unha vez transcurrido o devandito prazo sen que se teña presentado alegación ou reclamación algunha, o referido acordo queda elevado a definitivo, publicándose a continuación o texto do acordo da referida ordenanza.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación íntegra da mesma no B.O.P.

ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS O FOMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAI E DEPORTIVAS PROMOVIDAS POR PERSONAS FÍSICAS E XURÍDICAS DO CONCELLO DE A CAÑIZA

1.—OBXECTO

Constitúe o obxecto da presente Ordenanza establecer as bases que regularán as subvencións que este Concello de A Cañiza poida conceder anualmente e con cargo ás partidas correspondentes do presuposto municipal de cada ano, destinadas a fomentar as actividades culturais e deportivas promovidas por personas físicas e xurídicas, sen animo de lucro do Concello de A Cañiza, así como as condicións e requisitos que deberán cumprir os solicitantes e a forma de xustificación das subvencións que se poidan conceder, todo elo co fin de garantir os principios de publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación no seu outorgamento, ademais de eficacia no cumprimento dos fins que estableza a administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, dacordo coa nova Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro, publicada no BOE nº 276 de 18 de novembro.

Unha vez aprobada e en vigor o presente Ordenanza, o Concello procederá á publicación dunha convocatoria anual de outorgamento de subvencións na que se especificará o crédito disponible e o prazo establecido, cada ano, para a presentación de solicitudes.

2.—ACTIVIDADES OBXECTO DE SUBVENCIÓN

1.—O Concello de A Cañiza pretende, fomenta a realización das seguintes actividades que poden ser obxecto de subvención:

- a) Promoción e cooperación cultural (concursos literarios, periodísticos, festexos tradicio-

nais, folclóricos, semanas culturais, musicais, publicacións e outras semellantes).

- b) Promoción do deporte e outras actividades de esparcemento.
- c) Cooperación en actividades de promoción e reinserción social e na prestación dos Servizos Sociais.
- d) E en xeral, as que perseguen un interese social oti son de utilidade pública.

2.—Para as finalidades indicadas anteriormente, e de conformidade co art. 25 de la Lei 7/1985 de 2 de abril (BOE de 3/04/1985) das Bases do Réxime Local, sobre competencias que corresponden ó Concello, o art. 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, T.R.Lex. 2/2004, de 5 de marzo, e a Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro, o Concello de A Cañiza formulará convocatoria anual de subvencións que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nos tres primeiros meses do ano fixándose en cada convocatoria o prazo para a presentación de instancias e o crédito presupostario existente para tal fin, así como as partidas presupostarias ás que se imputará o gasto en que se incurra, dacordo co presuposto municipal vixente en cada caso.

3.—SOLICITANTES

Poderán solicita-la subvencións, persoas físicas ou xurídicas, agrupacións, asociacións e entidades, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, ou aquelas outras que, non figurando inscritas no Rexistro Municipal realicen actividades que afecten directamente a colectivos do término municipal, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Carecer de fins lucrativos, ou sendo doutro tipo destinen a subvención a fins específicos sen animo de lucro, a valorar en cada caso pola comisión correspondente.
- b) Desenvolver as actividades no termo municipal. Tamén poderán solicita-las aquelas entidades que desenvolvan actividades fora do termo municipal, sempre que, por cumprimento ou suplan as competencias atribuídas o Concello de A Cañiza.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de A Cañiza.
- d) As persoas xurídicas deberan estar validamente constituídas.

4.—DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑARÁ ÁS SOLICITUDES

As solicitudes de subvención, que deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, e irán acompañadas da seguinte documentación:

A) PERSONAS FÍSICAS:

- * Memoria explicativa das actividades que se pretendan realizar, con especificación da data, lugar da realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos.
- * Cando calquera interesado solicite subvención para distintas actividades, deberá especificarse a orden de preferencia, facilitando á administración a elección dalgunha delas, para o suposto de non poder financiar o conxunto da petición.
- * Presuposto de ingresos e gastos da actividade coa expresión da financiación prevista.
- * Fotocopia do número de Identificación Fiscal (NIF) no suposto de persoas físicas.
- * Certificación dos datos bancarios do solicitante, debendo existir unha correspondencia exacta entre o solicitante, CIF o NIF e nº de conta bancaria.
- * Certificados dos Organismos competentes, que acrediten estar o corrente das obrigas tributarías co Concello, Ministerio de Economía e Facenda e fronte a Seguridade Social.
- * Declaración de outras axudas ou subvencións para a mesma actividade, solicitadas ou concedidas por calquera outra Administración, Ente público ou privado, nacional o internacional, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior a da presentación da solicitude.

B) PERSONAS XURÍDICAS:

- * Memoria explicativa das actividades que se pretendan realizar, con especificación da data, lugar da realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos.
- * Cando calquera interesado solicite subvención para distintas actividades, deberá especificarse a orden de preferencia, facilitando á administración a elección dalgunha delas, para o suposto de non poder financiar o conxunto da petición.
- * Presuposto de ingresos e gastos da actividade coa expresión da financiación prevista.
- * Estatutos polos que se rixe a entidade, no caso de persoas xurídicas.
- * Certificación acreditativa dos cargos representativos e domicilio social.
- * Copia do Código de Identificación Fiscal (CIF), no caso de persoas xurídicas.
- * Certificación dos datos bancarios do solicitante, debendo existir unha correspondencia

exacta entre o solicitante, CIF o NIF e nº de conta bancaria.

- * Certificados dos Organismos competentes, que acrediten estar o corrente das obrigas tributarias co Concello, Ministerio de Economía e Facenda e fronte a Seguridade Social.
- * Declaración de outras axudas ou subvencións para a mesma actividade, solicitadas ou concedidas por calquera outra Administración, Ente público ou privado, nacional o internacional, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior a da presentación da solicitude.

As solicitudes que incumpran os requisitos documentais anteditos, non se admitirán a tramite, sen prexuízo, da aplicación do Art. 71 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de procedemento administrativo común para a subsanación o mellora da solicitude.

5.—PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados presentaran a solicitude de subvención no rexistro Xeral do Concello de A Cañiza, desde o día seguinte a da publicación da Convocatoria anual no Boletín Oficial da Provincia e ata o 30 de Xuño de cada ano.

6.—CRITERIOS PARA OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIONES

Os criterios de valoración para a concesión de subvencións e fixación da súa contía serán os seguintes:

- * Interese xeral da actividade no ámbito municipal.
- * Número de persoas que se poidan beneficiar da actividade de que se trate.
- * Custe da actividade en función da capacidade económica do solicitante.
- * Fomento dos valores culturais artísticos, turísticos, folclóricos e históricos do Concello.
- * Continuidade, estabilidade e solvencia demostrada pola entidade solicitante no ámbito da actuación desenvolta.
- * Grado de innovación da proposta.

7.—COMPETENCIA.

O outorgamento das subvencións é competencia do Pleno da Corporación, mediante Acordo que será notificado ó solicitante, dacordo co establecido na Lei 30/92 de Réxime Xurídico, das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, todo elo previo dictame da Comisión Informativa de Cultura.

As solicitudes de subvención presentadas en prazo serán resoltas preferiblemente no pleno ordinario de Agosto.

8.—XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

As subvencións que se concedan cada ano deberán xustificarse antes do 30 de novembro de cada ano; de non ser posible a presentación a esa data da documentación necesaria para a xustificación, o interesado deberá solicitar a prórroga do prazo, antes da data mencionada, xustificando as razóns que fan imposible a presentación dos documentos.

Para que a entidade subvencionada poida cobrar a subvención concedida deberá presentar en prazo a seguinte documentación:

- a) Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas das mesmas (polo secretario do Concello) dos gastos realizados no exercicio da actividade subvencionada.

* As facturas que se presenten deberán incluír tódolos datos esixidos pola legislación vixente:

-Nº de factura

-Nome e CIF da persona xurídica que a emite.

-Datos da entidade á que se factura o servico.

-Servicio prestado e polo que se emite a factura.

-Data da factura.

-Contía da factura que deberá especificar o I.V.E. desglosado, ou ben xustificarse que a entidade ou persona de que se trate está exenta da obriga de decara-lo I.V.E.

- b) Memoria da actividade realizada efectivamente, ó efecto de comprobación da correspondencia entre o subvencionado e o realmente realizado.
- c) Este Concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é a correcta, quedando obrigado o beneficiario a facilitar canta información lle sexa requerida polo Servicio Xestor, a Intervención Xeral ou polos órganos competentes en materia de censura de contas.
- d) Os beneficiarios quedaran sometidos a responsabilidade e réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

DISPOSICIÓN FINAL:

PRIMEIRA.—No non previsto especificamente neste Ordenanza, reixerán as normas da Lei Xeral de Subvencións, e restantes disposicións vixentes.

SEGUNDA.—A presente Ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcurrido o prazo establecido no artigo 70.2 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local.

En A Cañiza, 28 de marzo de 2005.—O Tenente de alcalde, Manuel Gregorio Pérez. **2005002853**

* * *

A R B O**E D I C T O**

De conformidade co previsto no art. 44 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais faise público que por resolución desta Alcaldía do día da data acordouse delegar a totalidade das atribucións da Alcaldía no Primeiro Tenente de Alcalde D. Horacio Gil Expósito, no período do 30 de marzo ata o 1º de abril de 2005.

Arbo, a 29 de marzo de 2005.—O alcalde, Manuel Rivera Domínguez. **2005002854**

* * *

A GUARDA**E D I C T O**

Inerys Kiln Furniture España, S.A., solicitou desta Alcaldía licencia de actividade para “Instalación dunha planta satélite regasificadora de gas natural licuado”, sito na rúa de Cachadas, s/n, deste Municipio.

En cumprimento do preceptuado no artigo 30.2, apartado a) do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961 (RAM), en relación co artigo 86 da Lei 30/1992, de Bases do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, abrése un período de información pública por un prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da inserción do anuncio no boletín Oficial da Provincia, para que os que se consideren afectados dalgunha maneira pola actividade que se pretende establecer, poidan facer as observacións pertinentes.

O expediente atópase de Manifesto e pode consultarse en horas de oficina de luns a venres (das 9 as 13 horas), na Secretaría do Concello.

A Guarda, a 14 de marzo de 2005.—O Alcalde, José Luis Alonso Riego. **2005002816**

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO*Edicto de cobranza*

Cobranza en voluntaria do Padrón Fiscal da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, correspondente a Taxa por actividades e servicios relacionados coa hixiene pública (Taxa pola recollida do Lixo), segundo semestre do exercicio 2004.

Aprobado mediante resolucións da Presidenta de data 21 de marzo do 2005 o Padrón Fiscal da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, correspondente a Taxa por actividades e servicios relacionados coa hixiene pública (Taxa pola recollido do Lixo), segundo semestre do exercicio 2004, expoñese ó público por espacio de 15 días, a partires do seguinte día en que este Anuncio fora publicado no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 87 e 88 do regulamento Xeral de Recadación, comunícaselles ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do mencionado Padrón será do 01/04/2005 ó 01/06/2005 ámbalas dúas datas inclusives.

O importe poderá satisfacerse, consonte co artigo 86 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación a través de calquera Entidade Bancaria, empregando os instrumentos de ingreso (Recibos), que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

Os contribuíntes que non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso, poderá obter un duplicado na Oficina de Xestión Tributaria da Mancomunidade do Morrazo sita na Rúa Eduardo Vincenti nº 53 Baixo, Bueu (Pontevedra) - Tlfno. 986 390 034, e-mail: bueu@afina.net, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento, nin impide a utilización da vía de constrinximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da vixente Lei Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5%, 10% ó 20% e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas o mesmo podrá interperse recurso de reposición ante a Alcaldesa-Presidenta no prazo de un mes a contar dende o seguinte o de